

**ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE ENTIDADES SOCIAS
DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE**

**REUNIÓN A TRAVÉS DE VIDEOCONFERENCIA.
30 DE XUÑO DE 2020**

Hora de inicio: 10:00h

ASISTENTES:

Juan González	Concello de Nigrán
Luísa Feijóo	Concello de Ames
Daniel Fernández	Concello de Cartelle
Ana Breixo	Concello de San Sadurniño
Antonio Lomba	Concello da Guarda
Guadalupe Pombo	Concello de Culleredo
Eugenia Díaz	Concello de Ourense
Ana Moreiras	Concello de San Cibrao das Viñas
Paula Grueiro	Concello de Cabanas
Uxía Cespón	Concello de Rianxo
Manuel Cerdeira	Concello do Irixo
Elena López	Concello das Pontes
Raquel Caruncho	Concello de Pontedeume
Paloma Castro	Concello de Pontevedra
Rosa Monteagudo	Concello de Muros
Olga López	Concello de Lugo
Orlando Saavedra	Concello do Barco de Valdeorras
Ana Campos	Concello de Poio
María José Paz	Concello de Fene
Sindo Guinarte	Concello de Santiago
Verónica Carrera	Concello de Pontearreas
Xosé Antón González	Concello de Verín
Xaime Iglesias	Concello de Baños de Molgas
Begoña Piñeiro	Concello de Valga
Yolanda Bello	Concello de Miño
Leticia Naya	Concello de Malpica
Gloria Prada	Concello de Monforte de Lemos

Gloria Sánchez	Concello da Coruña
Cristina González	Concello de Soutomaior
Ana María Varela	Concello de Mugardos
Inés Ramos	Concello de Arteixo
Ricardo Puertas	Concello de Cambre
Vanesa García	Concello de Boiro
Catalina García	Concello de Narón
Concepción Pernas	Concello de Burela
Xosé M. Rodríguez	A Concello das Neves
Yolanda Bouzas	Concello de Brión
Laura Ageitos	Concello de Guitiriz
Daniel González	Igadi
Carmen Novas	Técnica do Fondo Galego
Andrea M. García	Técnica do Fondo Galego

Escusan asistencia: Concello de Silleda, Concello de Tomiño, Concello de Oleiros, Concello da Laracha.

Previamente ao inicio da reunión danse unhas pautas de funcionamento da plataforma e desenvolvemento da reunión, para organizar as quendas de palabra e posibles incidencias técnicas. Así mesmo, instase a facer unha rolda de presentacións a través do chat a efectos de tomar acta das persoas asistentes. Infórmase de que se non hai oposición por parte das persoas asistentes a reunión será gravada.

Acto seguido Juan González procede a facer un repaso dos puntos a tratar na orde do día.

1 Lectura e aprobación da acta anterior

Infórmase de que a acta da Asemblea anterior, do 10 de outubro de 2019, foi remitida a través do correo electrónico tras a súa realización, así como anexada como documentación para a realización desta Asemblea, sen recibir ningunha achega nin comentario. Pregúntase novamente á Asemblea se hai algunha apreciación ao respecto da acta anterior, sen obter ningunha obxección, co que se dá por aprobada.

2 Novo marco de relacións Igadi-Fondo Galego

Juan González dá a palabra a Daniel González Palau, Director do Igadi.

Daniel González fai un repaso polo xurdimento do Igadi, no ano 1991 e o seu papel na acción exterior de Galicia na década dos 90, entre o que destaca o impulso da creación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A coordinación e coherencia foron as dúas forzas que impulsaron a creación desta rede de municipios e deputacións de Galicia. No novo marco legal postcrise, ao respecto oda Lei de acción exterior española, Lei de contratos e Lei de racionalización e sostibilidade da administración local influíu no modo de relacionamento entre

ambas entidades, polo cal, no contexto do camiño dos 25 anos do Fondo Galego, o Igadi adoptou como decisión o camiño por separado de ambas entidades. Fai unha lembranza a Xulio Ríos, fundador do Igadi e do Fondo Galego, Alfredo Novoa, primeiro presidente do Fondo Galego e Teresa París, a súa sucesora no mandato 2011-2015.

Juan González informa de que con data do 31 de marzo foi asinado o “Acordo regulador da extinción e liquidación da Secretaría e Secretaría técnica do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade”. O acordo contén as seguintes implicacións na súa relación co Igadi:

- Danse por rematadas todas as funcións desenvolvidas polo Igadi na súa participación no Fondo Galego. Juan González apunta que o camiño separado de ambas entidades será un camiño paralelo contando sempre coa boa relación entre as mesmas. Así mesmo, procédese a baixa como entidade socia do Igadi e en consecuencia, desde o 1 de abril Carmen Novas e Andrea M. García pasaron a ser persoal laboral do Fondo Galego.
- A baixa do Igadi como entidade socia do Fondo Galego, afecta á composición da Comisión Executiva do Fondo Galego, na que o Igadi viña ocupando o cargo da Secretaría. Esta cuestión será tratada no seguinte punto da orde do día.
- Mantense o acordo entre ambas entidades para o uso compartido do local cedido polo Concello de Pontevedra no Centro Cívico Sur.
- Ao respecto dos gastos correntes e subministrados que estaba asumindo o Igadi (telefonía, internet, *renting* da impresora, correos e servizo de limpeza) realizouse o traspaso da titularidade dos contratos para que estes pasasen á titularidade do Fondo Galego.

Agradece o papel desenvolvido polo Igadi durante os 23 anos de traxectoria do Fondo Galego, xa que esta entidade existe grazas ao empeño e dedicación do Igadi. Agradecemento especial dirixido especialmente á figura de Xulio Ríos, principal ideólogo da figura do Fondo Galego.

Procedese a amosar unha figura conmemorativa para facer entrega ao Igadi no momento en que as circunstancias o permitan.

3 Ratificación de altas e baixas de entidades socias

Procedese a presentar as solicitudes de altas e baixas presentadas á entidade:

Baixa: Igadi, cursa baixa con data de 31/03/2020

Alta: Concello de Baños de Molgas (Ourense). Aprobada a adhesión a través de acordo plenario o 9/12/2019.

Non habendo oposición, procédese a ratificar a alta do Concello de Baños de Molgas e a baixa do Igadi.

Así as cousas, o número de entidades socias do Fondo Galego é de 101, 98 concellos e 3 deputacións, sen que haxa ningunha outra entidade asociada de natureza xurídica distinta.

4 Proposta de renovación de cargos da Comisión executiva

Dúas circunstancias lévanos a proceder a someter aprobación a renovación de cargos da Comisión Executiva:

- A renuncia do Igadi a ocupar a Secretaría
- O cambio da persoa representante do Concello de Santiago de Compostela

Polo tanto, un novo Concello pasará a formar parte da Comisión Executiva, sendo seleccionado segundo os mesmos criterios aplicados no pasado ano para a conformación da Comisión actual: Representación equilibrada das diferentes forzas políticas, representación das 4 provincias, participación de administracións de maior e menor número de habitantes, inclusión de concellos de costa e de interior e paridade en canto ao xénero.

Contemplando estes criterios, o Concello do Irixe (Ourense) é proposto para entrar a formar parte da nova Comisión Executiva. A destacar que O Concello do Irixe é socio fundador do Fondo Galego e amosou gran disposición e vontade en formar parte da Comisión Executiva. Na súa representación participará o Alcalde Manuel Cerdeira.

Por tanto, déixase constancia da

COMISIÓN EXECUTIVA SAÍNTE

CARGO	NOME	CONCELLO/DEP	PROVINCIA
Presidencia	Juan A. González Pérez	Nigrán	Pontevedra
Vicepresidencia	Ana Belén Breixo Gundín	San Sadurniño	A Coruña
Tesourería	Daniel Fernández Carril	Cartelle	Ourense
Secretaría	Andrea M. García Corzo	Igadi	-
Vogalía	María Luísa Piñeiro Arcos	Moraña	Pontevedra
Vogalía	Luísa Feijóo Montero	Ames	A Coruña
Vogalía	María Loureiro García	Deputación de Lugo	Lugo
Vogalía	María Milagros Castro Sánchez	Santiago de Compostela	A Coruña
Vogalía	Marga Figueroa Vázquez	Oleiros	A Coruña

A proposta da Comisión Executiva entrante sería a seguinte

COMISIÓN EXECUTIVA ENTRANTE

CARGO	NOME	CONCELLO/DEP	PROVINCIA
Presidencia	Juan A. González Pérez	Nigrán	Pontevedra
Vicepresidencia	Ana Belén Breixo Gundín	San Sadurniño	A Coruña
Tesourería	Daniel Fernández Carril	Cartelle	Ourense
Secretaría	Luísa Feijó Montero	Ames	A Coruña
Vogalía	María Luísa Piñeiro Arcos	Moraña	Pontevedra
Vogalía	Manuel Cerdeira	O Irixo	Ourense
Vogalía	María Loureiro García	Deputación de Lugo	Lugo
Vogalía	Gumersindo Guinarte	Santiago de Compostela	A Coruña
Vogalía	Marga Figueroa Vázquez	Oleiros	A Coruña

Por unanimidade queda aprobada a renovación de cargos da Comisión executiva.

5 Memoria de actividades e balance económico 2019

Juan González comenta que o ano 2019 estivo en boa medida marcado polas eleccións municipais, que motivaron accións previas como o Almorzo Xusto celebrado no Parlamento de Galicia coa participación de todos os grupos políticos. A *posteriori*, produciuse ademais a renovación da Comisión Executiva, aprobada pola Asemblea Xeral. Foi tamén un ano moi activo para a Confederación de Fondos, co Fondo Galego ocupando a Presidencia.

En 2019 lanzáronse asemade actividades novidasas, como o Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, que reuniu a máis de 80 persoas de oito países, ou os Intercambios Galicia-Portugal, para aprender da experiencia dos municipios do país veciño na implementación dos ODS a nivel local.

Ao tempo, seguíronse organizando exposicións, concertos, contos e teatro para concienciar fronte ás desigualdades, canda o concurso de murais Muros que Unen ou os programas Vacacións con Traballo e Vacacións con Traballo en Galicia, este último centrado na estadía dun técnico de finanzas mozambicano en seis concellos galegos.

En canto aos proxectos de cooperación internacional, pecháronse os dous que estaban en marcha en Mozambique: un coa Fundação Encontro para previr doenzas, adicións e embarazos precoces na mocidade a través do deporte, e outro para construír pequenos sistemas de

abastecemento de auga na vila de Nhamayábue. Tamén se destinaron 10.000 euros como axuda de emerxencia para paliar as consecuencias do devastador ciclón Idai na vila de Nhamatanda.

Exponse un pequeno vídeo resumo das actividades realizadas no 2019.

Dáse a palabra a Daniel Fernández, Tesoureiro, para facer a presentación do balance económico 2019.

A anualidade 2019 reflicte novamente a estabilidade da asociación municipalista en materia económica. Desde a oficina técnica do Fondo Galego lévase a cabo o seguimento da execución económica do orzamento aprobado pola Asemblea de entidades socias, co apoio e supervisión do Tesoureiro e Presidente, tratando de que se produzan os mínimos desaxustes. Os datos contables, fiscais e económicos permanecen na oficina do Fondo Galego en Pontevedra e están dispoñibles para a consulta de calquera entidade socia previa solicitude.

SOBRE OS INGRESOS: ascenden a 246.011,51€.

- **Cotas de entidades socias:** suman un total de 160.971,19€. Agradécese a todas as entidades socias pola axilidade no pago da cota anual, que nos permite ter liquidez suficiente para levar a cabo as actividades programadas. Na anualidade 2019, as cotas foron enviadas a través da sede electrónica ou ben a través da plataforma FACE, para adaptarnos deste xeito á normativa vixente así como para aforrar no gasto de papel e contribuír á conservación do medio ambiente. A destacar que, ao peche do 2019, o Fondo Galego presentaba unha débeda por impago de cotas atrasadas que ascendía a 31.330,89€, correspondendo 25.889,82€ á anualidade 2019. No primeiro semestre do 2020 esta débeda viuse minorizada co pago de cotas atrasadas. Así, as débedas acumuladas co Fondo Galego por impago de cotas no ano 2019 actualmente ascende a 5.397,98€, mentres que as débedas totais coa asociación ascenden a 25.932,71€. Recórdase, así mesmo, que os concellos e deputacións poden incrementar voluntariamente o importe da cota, ou mesmo asinar convenios de colaboración para o financiamento dalgún proxecto de cooperación ao desenvolvemento.
- **Subvencións:** 79.622,33€. Cómpre sinalar o incremento do importe do convenio asinado desde o ano 2000 coa Xunta de Galicia para a realización de actividades de sensibilización, pasando de 40.000€ nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, a 60.000€ nesta anualidade.
Tamén continúa o convenio co Concello da Coruña por un importe de 20.022,79€, a través do que se levou a cabo a segunda edición do concurso de murais Muros que Unen.
- **Ingresos cooperación:** 5.020,00€. Este ingreso responde, como aspecto relevante e novidoso, á adxudicación do contrato menor co Concello de Lugo para a realización da avaliación e seguimento dos proxectos presentados e financiados a través da súa convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento aberta en decembro do 2018.

- **Outros:** 397,99€. Estes outros ingresos responden a un reembolso provinte dun proxecto de axuda de emerxencia en Guatemala, porque por erro se ingresou unha cantidade lixeiramente superior ao previsto, mais aos reembolsos da Confederación de Fondos, que asume parte dos custos das actividades que se organizan desde a mesma.

SOBRE OS GASTOS: ascenden a 190.425,27€

- **Gastos correntes:** 67.960,54€. O groso desta partida foi destinado ao pago do servizo da Secretaría técnica, desenvolvida polo Igadi. A isto súmanselle os gastos da asesoría, gastos bancarios e a amortización do inmovilizado.
- **Gastos de funcionamento:** 3.465,06€. Correspóndense con gastos da asesoría xurídica, posto que se está levando a cabo unha revisión da documentación e funcionamento da entidade para garantir a plena correspondencia coa normativa vixente. Así mesmo, esta partida tamén cobre gastos de correos, mensaxería, papelería, etc.
- **Gastos relativos ao plan de actividades de fortalecemento:** 16.849,70€. Entre as que se inclúen actividades como os intercambios Galicia-Portugal a prol dos ODS, captación de socios, participación na Confederación de Fondos, etc.
- **Gastos relativos ao plan de actividades de sensibilización:** 70.304,75€. Entre as actividades inclúense as Vacacións con Traballo, Vacacións con Traballo en Galicia, exposicións, concurso de murais, etc.
- **Gastos relativos aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento:** 24.324,71€. Correspóndense cun proxecto de emerxencia en Mozambique, tras o paso do ciclón Idai, e os segundos pagos de proxectos de cooperación xa en marcha desde o 2018, ambos en Mozambique.
- **Gastos relativos ao plan de comunicación:** 2.079,44€. Fundamentalmente gastos da páxina web, dominios, e redes sociais.
- **Provisión ante posibles impagos de cotas atrasadas:** 5.441,07€. A asesoría contable recomenda prever posibles impagos de cotas doutras anualidades, para dar a imaxe máis fiel posible da contabilidade do Fondo Galego. Comentar que estas cotas aparecen en negativo, como gasto, porque foran previamente aprobadas como ingreso nos orzamentos das anualidades correspondentes. Pégase, en todo caso, ás entidades socias, que se teñen vontade en facer o pago das cotas mencionadas que nolo comuniquen a través do teléfono de contacto ou correo electrónico.

Polo tanto, o ano 2019 deixa un remanente positivo de 55.586,24€, o que resulta positivo por dúas cuestións fundamentais:

1. Para o correcto funcionamento da asociación municipalista, xa que hai que soportar custes de funcionamento no inicio do próximo exercicio ata que se cobren as cotas das entidades asociadas.

2. A previsión de remanente positivo contéplase no orzamento dos últimos anos como método de “aforro” para poder abrir a convocatoria de proxectos para ONGD na próxima anualidade coa suma das cantidades positivas.

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
BALANCE ECONÓMICO 2019

INGRESOS		246.011,51
Cotas de socios		160.971,19
<i>Cotas de socios 2019</i>	<i>160.971,19</i>	
Subvencións fortalecemento e sensibilización		79.622,33
<i>Convenio Xunta de Galicia</i>	<i>60.000,00</i>	
<i>Convenio Concello da Coruña</i>	<i>19.622,33</i>	
Ingresos cooperación		5.020,00
<i>Servizo técnico avaliación convocatoria Concello de Lugo</i>	<i>5.020,00</i>	
Outros		397,99
<i>Minorac. axuda Hnas. Mercedarias Guatemala</i>	<i>154,16</i>	
<i>Reembolsos Confederación de Fondos</i>	<i>243,83</i>	
GASTOS		190.425,27
Gastos Correntes		67.960,54
<i>Gastos secretaría do Fondo (IGADI)</i>	<i>64.000,00</i>	
<i>Gastos asesoría</i>	<i>3.411,94</i>	
<i>Servizos bancarios e similares</i>	<i>185,88</i>	
<i>Outros servizos e gastos varios</i>	<i>0,00</i>	
<i>Amortización inmovilizado</i>	<i>362,72</i>	
Gastos de Funcionamento		3.465,06
<i>Asesoría xurídica</i>	<i>1.640,96</i>	
<i>Mensaxería e correos</i>	<i>239,74</i>	
<i>Outros gastos</i>	<i>1.584,36</i>	
Gastos plan fortalecemento		16.849,70
<i>Almorzo xusto</i>	<i>192,86</i>	
<i>Asemblea Xeral</i>	<i>254,88</i>	

<i>Captación de socios</i>	56,93	
<i>Confederación de Fondos</i>	2.951,67	
<i>Estudo sobre a cooperación municipalista en Galicia</i>	60,50	
<i>Intercambios entre municipios galegos e portugueses</i>	12.884,13	
<i>Xuntanzas RMS</i>	448,73	
Gastos plan sensibilización		70.304,75
<i>Actuacións culturais</i>	12.498,42	
<i>Axendas 2020</i>	2.937,88	
<i>Concurso Murais</i>	21.394,87	
<i>Exposicións</i>	983,24	
<i>Foro da cooperación municipalista da lusofonía</i>	24.446,63	
<i>Memoria 2018</i>	330,33	
<i>Vacacións con Traballo</i>	3.704,98	
<i>Vacacións con traballo en Galicia</i>	4.008,40	
Gastos plan proxectos cooperación		24.324,71
<i>Emerxencia ciclón Idai (MZ)</i>	10.000,00	
<i>Proxecto Fundação Encontro (MZ)</i>	6.000,00	
<i>Proxecto Nhamayabue (MZ)</i>	8.324,71	
Gastos plan comunicación		2.079,44
<i>Memoria 2018</i>	995,28	
<i>Publicidade redes sociais</i>	42,35	
<i>Web</i>	1.041,81	
Provisión ante posibles impagos de cotas atrasadas		5.441,07
<i>Cota Dumbría 2018</i>	370,25	
<i>Cota Dumbría 2017</i>	371,21	
<i>Cota Dumbría 2016</i>	373,02	
<i>Cota Triacastela 2018</i>	219,71	
<i>Cota Triacastela 2017</i>	220,44	
<i>Cota Triacastela 2016</i>	221,79	
<i>Cota O Porriño 2018</i>	1.467,60	
<i>Cota Sarria 2018</i>	1.098,92	
<i>Cota Sarria 2017</i>	1.098,13	
REMANENTE POSITIVO 2019		55.586,24

Dáse por aprobada por unanimidade tanto a Memoria de actividades do ano 2019 como ao balance económico desa mesma anualidade.

6 Liñas Estratéxicas 2020-2023

Levan por título: Liñas Estratéxicas 2020-2023: Cara os 25 anos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Destácanse os principais logros conseguidos no mandato anterior, así como o contexto actual, información que aparece recollida no propio documento das Liñas estratéxicas.

Infórmase que as presentes Liñas se centran en 5 obxectivos fundamentais a traballar durante estes 4 anos, todos igual de importantes. Tamén se repasan as liñas de acción para a consecución de ditos obxectivos.

Os países prioritarios para o establecemento de relacións de cooperación ao desenvolvemento serían: Mozambique, Guinea Bissau, Cabo Verde, Timor Leste, Santo Tomé e Príncipe e Angola; así como os países latinoamericanos nos que o Fondo Galego acumula maior traxectoria en cooperación: Nicaragua, Cuba e Perú.

Por outro lado, o Fondo Galego reservará unha partida anual para a Axuda Humanitaria. Os países establecidos como prioritarios polo Fondo Galego terán preferencia na recepción destas axudas, tratando en todo caso, e sempre que sexa posible, que a axuda sexa xestionada por parceiros locais. No caso de que non se produzan catástrofes humanas ou naturais nos países sinalados como prioritarios, a axuda poderá destinarse a outras áreas xeográficas onde se produzan tales calamidades. Neste caso, o Fondo Galego canalizará a súa achega a través do parceiro ou parceiros que se determinen.

Non habendo obxeccións, danse por aprobadas por unanimidade as Liñas Estratéxicas 2020-2023.

7 Plan de actividades e orzamento 2020

Juan González comenta que na primeira semana de marzo celebráronse nas catro provincias as xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria, que reúne ás persoas delegadas das relacións co Fondo Galego en cada unha das administracións locais socias, especialmente técnicas e técnicos municipais. Naquelas xuntanzas, pensadas para facer balance de 2019 e planificar o ano en curso, xa se presentaron algunhas propostas para reorientar a acción do Fondo Galego, como concentrar esforzos nos proxectos de cooperación e aparcar as accións de sensibilización dirixidas á cidadanía para centrarse no principal público obxectivo da entidade: o persoal das deputacións e concellos socios.

No entanto, naquela altura aínda non podíamos imaxinar que dez días despois se declararíase o estado de alarma e que este tipo de actividades quedarían suspendidas así coma calquera iniciativa que implicara aglomeracións ou desprazamentos. Isto obrigou a reformular algunhas accións da planificación inicial e a idear outras novas para substituír, por exemplo, programas tan destacados como Vacacións con Traballo.

Ao Fondo Galego, que xa estaba inmerso nun proceso de adaptación aos cambios, tocoulle unha vez máis reinventarse e froito dese proceso é o Plan de Actividades 2020 que, pese ás novidades, non perde a súa esencia.

No contexto post-Covid, promoveranse este ano 5 proxectos de cooperación por un total de 98.126 euros, dos que 27.000 corresponden a achegas extraordinarias de Cambre e Narón.

Dáse paso a Carmen Novas, que fai a presentación máis pormenorizada do Plan de actividades 2020, titulado “A Axenda 2030, unha axenda global nun mundo en transformación”.

O Plan de actividades 2020 pon o foco no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, no impulso aos proxectos de cooperación e de axuda humanitaria, así coma na transparencia e reforzo interno.

Continúase destacando as principais as actividades de cada unha das tres áreas de acción nas que se divide o Plan. Por último, remátase coa presentación dunha versión inicial da nova páxina web do Fondo Galego, na que se fixo un esforzo por visibilizar os esforzos da entidade en materia de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, así como a transparencia da entidade e plataforma de formación online.

Acto seguido, dáse a palabra a Daniel Fernández, Tesoureiro, que fai a presentación do orzamento 2020. Inicia a súa exposición indicando que o orzamento para esta anualidade, completamente desglosado por áreas e actividades, foi remitido como documentación adxunta a todas as entidades socias do Fondo Galego.

O orzamento é un reflexo do propio plan, no que se dá prioridade á seguridade das persoas e se opta por actividades virtuais ou que non precisan necesariamente o encontro físico dun gran número de persoas. Así mesmo, é un orzamento que trata de responder ás expectativas de cooperación internacional ao desenvolvemento fronte á crise do coronavirus.

Destaca que o orzamento 2020 supón un incremento dun 32 % ao respecto do 2019. Así mesmo comunícase á Asemblea o feito de que o Fondo Galego resultou beneficiario dunha subvención europea, a través dun proxecto presentado da man do municipio de Loures, en Portugal, e entidades municipalistas ou con traballo directo en cooperación ao desenvolvemento de Portugal, Holanda, Alemaña, Italia, Romanía e Polonia. Polo tanto, o Fondo Galego vai ser beneficiario de 500.000€ a distribuír en catro anos (en torno aos 125.000€ anuais) para a realización de actividades sobre temática medioambiental directamente en concellos galegos. O proxecto terá inicio previsiblemente no mes de novembro de 2020. Non se inclúen os 125.000€ correspondentes á primeira anualidade porque é probable que a Unión Europea non realice o primeiro ingreso ata entrado o 2021. En todo caso, é unha boa nova que axudará a recuperar as actividades directas nos concellos socios.

Así mesmo, o orzamento 2020 presenta novidades e peculiaridades que se comentan a continuación:

En canto aos ingresos:

- Cóntase con achegas extraordinarias dos Concellos de Cambre e Narón, tramitadas como subvencións nominativas, para o financiamento de proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

- Compútase como ingreso o remanente do exercicio 2019, posto que vai ser destinado ao financiamento da convocatoria de proxectos para ONGD, que se lanzará previsiblemente a finais de ano.

No relativo aos gastos:

- Obsérvase que a área de proxectos de cooperación ten un peso orzamentario dun 50,35%, o que significa que algo máis da metade dos ingresos da entidade irá destinado ao financiamento de proxectos nos países empobrecidos. Hai un claro reforzo desta área ao respecto da anualidade anterior.
- Ao respecto dos gastos de funcionamento, hai un lixeiro incremento debido a que ademais de contabilizar os custes de persoal, tamén se dan os custes de liquidación da Secretaría técnica que viña desenvolvendo o Igadi. O Fondo Galego conta desde o pasado mes de abril con dúas técnicas como persoal propio, que viñan desenvolvendo as súas funcións no Igadi para o Fondo Galego desde o ano 2010 e que nesta anualidade foron subrogadas ao Fondo Galego. Infórmase que o custe salarial de Carmen Novas é imputado case na súa totalidade á subvención concedida pola Xunta de Galicia.
- A área de sensibilización e comunicación é a terceira con maior peso económico. Obsérvase o impulso de actividades relacionadas co impulso dos ODS nos municipios, así como un incremento das actividades de tipo virtual. Comentar, así mesmo, que a visita dos Alcaldes de Colombia, enmarcada nun proxecto europeo, previsiblemente non vai a realizarse nesta anualidade pero a falta da comunicación oficial por parte da Unión Europea, á que se lle solicitou o seu adiamento para o 2021, debemos incluíla no orzamento de xeito provisional.
- A área de fortalecemento e acción institucional céntrase, sobre todo, no reforzo interno da asociación, a través das actividades propiamente orgánicas, e o impulso da Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS. Dáse conta de que o encontro en Lisboa non está confirmado, pero estamos a expensas de manter unha reunión virtual no mes de setembro para valorar a situación internacional e decidir sobre a conveniencia ou non de realizar o segundo Foro da cooperación municipalista da lusofonía en Lisboa no mes de decembro.

ORZAMENTO 2020
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

	INGRESOS	IMPORTE	
Cotas entidades socias 2020		161.129,35 €	
Convenio Xunta de Galicia		60.000,00 €	
Concello da Coruña		20.022,79 €	
EGAP		84,00 €	
Concello de Cambre		15.000,00 €	
Concello de Narón		12.000,00 €	
Instituto Marqués de Valle Flor		1.500,00 €	
Remanente positivo do 2019		55.586,24 €	
TOTAL INGRESOS		325.322,38 €	
ÁREA	GASTOS	IMPORTE	
FUNCIONAMENTO		96.262,86 €	29,59%
	Gastos persoal (1)	51.701,49 €	
	Primeiro trimestre Secretaría técnica Igadi	16.000,00 €	
	Acordo de liquidación Igadi-Fondo Galego	17.500,00 €	
	Correos, teléfono, internet, mensaxería, papelería, limpeza etc.	3.500,00 €	
	Asesoría	2.500,00 €	
	Asesoría xurídica	1.500,00 €	
	Prevención riscos laborais	311,37 €	
	Gastos de desprazamentos do persoal técnico ás reunións da Comisión Executiva e Asembleas Xerais	250,00 €	
	Gastos de desprazamentos e manutención en concepto de representación da entidade	500,00 €	
	Impostos e comisións bancarias	2.500,00 €	
ÁREA FORTALECEMENTO E ACCIÓN INSTITUCIONAL		9.466,01 €	2,91%
	ACTIVIDADE 1.1.1: Captación de entidades socias	2.150,00 €	
	ACTIVIDADE 1.1.2: Actualización do sistema de cálculo de cotas	0,00 €	
	ACTIVIDADE 2.2.1: Revisión e modificación estatutaria	17,89 €	
	ACTIVIDADE 2.3.1: Xuntanzas da Rede municipalista solidaria	348,12 €	
	ACTIVIDADE 2.3.2: Asemblea Xeral	250,00 €	
	ACTIVIDADE 2.3.3: Nova páxina web	1.700,00 €	
	ACTIVIDADE 3.1.1: Xuntanza coa Coordinadora Galega de ONGD	0,00 €	
	ACTIVIDADE 3.2.1: Participación na Confederación de Fondos	3.500,00 €	
	ACTIVIDADE 3.3.1: Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS: memorando de entendemento e a asistencia ao II Foro en Lisboa	1.500,00 €	

ÁREA SENSIBILIZACIÓN E COMUNICACIÓN	52.790,78 €	16,23%
ACTIVIDADE 4.1.1: Apoio a Concellos para elaboración de Plans de Implementación dos ODS a nivel local	15.000,00 €	
ACTIVIDADE 4.1.2: Visita de alcaldes de Colombia	1.500,00 €	
ACTIVIDADE 4.1.3: Elaboración de materiais de difusión sobre os ODS	1.596,63 €	
ACTIVIDADE 4.1.4: Posta en marcha dunha plataforma online de formación	6.100,00 €	
ACTIVIDADE 4.3.1: Axendas 2021	3.000,00 €	
ACTIVIDADE 4.3.2: Muros que Unen III	21.000,00 €	
ACTIVIDADE 4.3.3: Promoción do Fondo Galego nas redes sociais	50,00 €	
ACTIVIDADE 4.3.4: Elaboración da Memoria anual	1.500,00 €	
ACTIVIDADE 4.3.5: Campaña “Os municipios cooperan”	3.044,15 €	
ÁREA PROXECTOS	163.802,73 €	50,35%
ACTIVIDADE 5.1.1: Convocatoria de proxectos para ONGD	55.676,59 €	
ACTIVIDADE 5.2.1: Proxectos de cooperación directa	35.000,00 €	
ACTIVIDADE 5.2.2: Axuda Humanitaria	73.126,14 €	
IMPREVISTOS	3.000,00 €	
TOTAL GASTOS	325.322,38 €	

Toma a palabra a representante do Concello de Narón, Catalina García, que comenta que hai vontade para que a achega extraordinaria para esta anualidade continúe nos próximos anos.

Sen ningunha observación máis por parte das persoas asistentes, dáse por aprobado o Plan de actividades e orzamento 2020 por unanimidade.

8 Rogos e preguntas

Non hai.

Antes do peche da reunión, Juan González volve agradecer ao Igadi polo labor desenvolvido co Fondo Galego, especialmente a Xulio Ríos e Daniel Palau, así como a todos os Concellos asistentes. Tamén dá a benvinda a Manuel Cerdeira, como novo integrante da Comisión executiva e agradece ao equipo técnico pola labor desenvolvida.

Toma a palabra Andrea García para agradecer a confianza depositada nela e na súa compañeira para o desenvolvemento das funcións técnicas do Fondo Galego, desexando unha nova e frutífera etapa do Fondo Galego.

Sen máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión cando son as 11:15h.

Juan González
Presidente

Luísa Feijoó Montero
Secretaria